

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA COBERTURA DE SEGUROS DE RESPONSABILIDADE CIVIL PATRIMONIAL, DANOS MATERIAIS E DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA DO CONCELLO DE LUGO 2014. LOTE 2

Sendo as 13:30 horas do día 12 de setembro de 2014, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma Sra. Rosana Rielo Rozas, Oitava Tenente de Alcalde en suplencia da Concelleira delegada da área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, e actuando como vocais dona Esther Muñoz Mella polo grupo Municipal do Partido Socialista, don Angel Trabada, polo grupo Municipal do Partido Popular, dona Cristina Ferreiro López, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor Municipal, dona María García Ferro, pola Asesoría Xurídica e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello

Abre a sesión a Sr. Presidente da Mesa e procédese por parte da Secretario por unha banda a dar conta das alegacións presentadas pola mercantil GENERALI ESPAÑA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS respondendo ao trámite de audiencia acordado polos Membros da Mesa de Contratación na sesión celebrada o día 31 de xullo de 2014 por débedas tributarias co Concello de Lugo e por outra á lectura do informe técnico do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento de data do 8 de setembro sobre as mesmas, co seguinte teor:

"INFORME DO SERVIZO DE CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA COBERTURA DE SEGUROS DE RESPONSABILIDADE CIVIL PATRIMONIAL, DANOS MATERIAIS E DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA DO CONCELLO DE LUGO 2014. APRECIACIÓN DE EXISTENCIA DE PROHIBICIÓN PARA CONTRATAR POR PARTE DA ENTIDADE GENERALI ESPAÑA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS

ANTECEDENTES

- Acta da Mesa de Contratación de 31 de xullo de 2014 na que se acorda, á vista do informe de Tesourería Municipal de que a compañía GENERALI ESPAÑA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS ten débedas tributarias co Concello de Lugo na data de presentación de ofertas (5 de maio de 2014), conceder un trámite de audiencia por dez días para que realice as alegacións que estime oportunas
- Decreto número 14007350 de data 1 de agosto de 2014 polo que se concede o dito trámite de audiencia notificado en data 7 de agosto.

CONTRATACION

MLA/rdi

Refª: ACTA DESESTIMACIÓN ALEGACIONES PRESENTADAS POR GENERALI

Asunto: ACTA DESESTIMACION ALEGACIONES GENERALI E NOVA ADXUDICACIÓN LOTE

2

- Escrito de alegacións presentado pola compañía en data 19 de agosto de 2014 no que manifesta:

1º.- Que as taxas que debían aboar derivan da condición de sustituto do contribuínte pero que acordaron cos asegurados que serían eles quen se farían cargo do pagamento das taxas e que polo tanto non tiñan coñecemento da existencia da débeda ata a notificación do antedito Decreto.

2º.- Que non obstante procederon ó pagamento das ditas taxas polo que quedou subsanada a situación de impago.

CONSIDERACIONES XURÍDICAS

O artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público establece que non poderán contratar co sector público as persoas en quen concorran algunha das seguintes circunstancias:

d) Non atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes nos termos que regulamentariamente se determinen

O artigo 146 do mesmo texto establece que as proposicións que se presenten deberán ir acompañadas dos seguintes documentos:

c) Unha declaración responsable de non estar incurso en prohibición para contratar. Esta declaración incluírá a manifestación de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen perxuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación, polo empresario a cuxo favor se vaia efectuar esta.

Á vista dos ditos preceptos e conforme a doutrina e xurisprudencia é claro que **os licitadores non deben estar en situación de prohibición de contratar tanto no momento de presentación da súa oferta como no momento da adxudicación do contrato.**

Consta no expediente informe da Tesourería Municipal de que a compañía ten débedas de carácter tributario en período executivo en data 5 de maio de 2014 , que é a data de presentación de ofertas no procedemento de contratación de referencia, correspondente á taxa polo servizo de prevención e extinción de incendios por importe de 160,37 euros e que viña obrigado a aboar xa que a compañía aseguradora ten legalmente a condición de sustituto do contribuínte.

Consta asimismo a existencia doutra débeda posterior á data de presentación de ofertas por importe de 180,65 euros.

CONTRATACION

MLA/rdi

Ref^a: ACTA DESESTIMACIÓN ALEGACIONES PRESENTADAS POR GENERALI

Asunto: ACTA DESESTIMACION ALEGACIONES GENERALI E NOVA ADXUDICACIÓN LOTE 2

Manifesta que acordou cos asegurados que eles se farían cargo do aboamento das taxas pero non achega este acordo nin o alega en período voluntario de pagamento.

Significar que en data 6 de marzo de 2014 foi notificada á compañía a liquidación da taxa por importe de 160,37 euros para proceder ó seu pagamento en período voluntario (do 6 de marzo ata o 21 de abril de 2014) sen que alegara nada neste período nin tampouco se aboara esta, polo que non é certo que o coñecemento desta débeda teña lugar a raíz da notificación do trámite de audiencia.

Non é posible subsanar a situación de debedor no momento da presentación da oferta (en data 5 de maio de 2014) xa que como vén recoñecendo a xurisprudencia e doutrina, é posible subsanar algo que xa existía e non foi aportado pero non é subsanable o que no momento de acreditarse non existe (Informe da Xunta Consultiva 47/09 de 1 de febreiro de 2010) polo que a subsanación non pode referirse a cualidades de aptitude ou solvencia que non se posuían no momento de finalizar os prazos de presentación de ofertas. Neste senso se ten pronunciado o Tribunal Administrativo de Contatación Publica de Madrid en Resolucions 115/2012 y 7/2013)

É canto procede informar”

A vista do cal os membros da Mesa acordan excluir a mercantil GENERALI ESPAÑA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS da contratación de referencia para o lote 2 e requirir a presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para contratar á seguinte empresa na orde que quedarán clasificadas, isto é, a empresa - HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA S.A. DE SEGUROS Y REASEGURADOS

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13,45 horas,


A PRESIDENTA



Asdo: Rosana Rielo



O SECRETARIO



Asdo: Manuel Louzao Aldariz

